


## ACONTECEMENTOS DO ANO

...

*Fotos de:*  
*Estudios Blanco*  
*Fersal*  
*Gabin*  
*"La Voz de Galicia"*  
*"El Ideal Gallego"*




PLAZA DE LA CONSTITUCION (BETANZOS)

TINGUS 1987



8 de febreiro de 1986

Coa organización do Cine Club Alameda e baixo o patrocinio do Concello, tivo lugar, na sala do Banco de Bilbao, a presentación dunha mostra de caricaturas de persoas brigantinas. O autor delas é o coñecido artista da cidade, Antonio Palla Cabanas, que dende 1979 ilustra o Globo de Betanzos e é ademais colaborador do Anuario Brigantino e outras publicacións. A mostra durou ata o día 18.



Caricatura de don José Antonio Miguez.

9-12 de febreiro de 1986

Celebrouse o día 9 na Praza do Campo un concurso de comparsas do Antroido organizado polo Concello. No mesmo lugar e coa mesma organización celebrouse o 11 un concurso de disfraces dentro das festas do Antroido, sendo o primeiro premio para o titulado «O xantar do Antroido» que lucía na vestimenta productos típicos da época. Pola súa banda os alumnos do Instituto «Francisco Aguiar» organizaron bailes de disfraces nos locais da Asociación de Veciños de Santa María «A Ribeira» e en xeral tódolos centros de ensino e outras entidades da cidade fixeron actos especiais en relación co Antroido.

O día 11, martes de Antroido, desfilaron polas rúas por primeira vez 6 gamachiños e un demo maior feitos polo escultor compostelano César Anxo Lombera e adequeridas polo Concello co obxecto de recuperar unha tradición secular.

O día 12 tivo lugar o «Enterro da Sardiña» asimesmo patronizado polo Concello e coa colaboración da Charanga «Os Loiteiros». A pesares da choiva houbo sitio para as coplas satíricas, as burlas e naturalmente para tirar dende a Ponte Vella a Sardiña ó Mandeo.



21 de febreiro de 1986

Nun pleno extraordinario do Concello a Corporación Municipal adoptou o acordo de mercar a finca do Pasatempo no Carregal por 31 millóns de ptas. a abonar: 7 millóns ó firmar a escritura de compra, 9 no 1987, 8 no 1988 e 7 no 1989.

O 1 de marzo faceríase a escritura diante do notario local don Joaquín Delibes. Según palabras do Alcalde, «la finca del Pasatiempo constituye uno de los centros atractivos que tuvo y tratará en el futuro de tener Betanzos...» Prensa, radio e televisión fixéronse amplo eco deste acontecemento.



21 de febreiro de 1986

Na Sala Capitular tivo lugar o acto solemne de entrega ó Concello por parte do presidente do Centro Betanzos de Buenos Aires, don Osvaldo Dans Varela, dun busto en bronce de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. O autor del fora o escultor Domingo Maza. Ademais entregoulle ó Alcalde diversos documentos que demostran a gran relación de Castelao con betanceiros do exilio. Don Osvaldo viña

acompañado pola súa muller, dona Nelly Fernández. Asistiron ó acto un numeroso público e diversas personalidades, como o secretario xeral do PSOE de Galicia e parlamentario galego, don Antolín Sánchez Presedo; o Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez; o alcalde de Riaxo, don Xosé Bravo Friero; vocais do Centro Betanzos, don Antonio Medín Crespo e dona María Irene Medín outras personalidades e representacións.

4 de marzo de 1986

Empezaron as obras de rehabilitación do Edificio Arquivo, coñecido popularmente como «O Liceo».

6 de marzo de 1986


Inaugurouse, como xa ven sendo tradicional no salón parroquial da rúa Tomás Dapena, un «rastrillo» en favor de «Manos Unidas». O día 14 do mesmo mes e polo mesmo motivo fíxose un desfile de modelos e escenificouse o conto de Oscar Wilde «El gigante egoísta».

7 de marzo de 1986

As 19'30 no Cine Capitol o PSdeG-PSOE levou a cabo un mitin onde expuxo a súa postura favorable á permanencia de España na Alianza Atlántica. Interviñeron: don Manuel Lagares Pérez, Alcalde de Betanzos; don Francisco Vázquez Vázquez, alcalde da Coruña, e don Antolín Sánchez Presedo, secretario xeral do PSdeG-PSOE e parlamentario galego.

Marzo 1986

Na parrillada Carlos de Guiliade tivo lugar unha cea-homenaxe a don Andrés Beade Dopico, delegado de Cultura do Concello de Betanzos e antes presidente do Centro Betanzos de Buenos Aires. Este homenaxe foi promovido por don Osvaldo Dans Varela, actual presidente do dito centro Betanzos. Asistieron numerosos veciños e amigos do homenaxeado entre os que se atopaban moitos ex socios da entidade bonaerense que actualmente viven en Betanzos.



9 de marzo de 1986

Aparece na prensa a noticia de que na Praza de Betanzos do madrileño barrio do Pilar será instalada unha escultura de 20m. de altura, «El caminante», que fixeron en bronce Antonio López García e Julio López Hernández. Representa un xoven desnudo andando en dirección ó centro de Madrid.

12 de marzo de 1986

Celebráronse con toda normalidade as eleccións pola permanencia de España na OTAN (Organización do Tratado do Atlántico Norte).



21 de marzo de 1986

Na igrexa de Santo Domingo e baixo a organización da Coral Polifónica tivo lugar o Pregón da Semana Santa a cargo de dona Carmen Alvear, presidenta da «Confederación Católica de Padres de Alumnos».

Marzo 1986

A poetisa brigantina dona Luisa Crestar Díaz foi obxecto de un homenaxe con motivo de cumprir 78 anos. Tivo lugar no Mesón de Antón do Pedrido e a él asistiron numerosos amigos da Cidade e mesmo de toda Galicia.



22 de marzo de 1986

Colocouse solemnemente no balcón do Concello a bandeira de Europa, acto que estivo presidido por don Manuel Lagares Pérez, alcalde da cidade, e contou coa presenza de diversos membros da Corporación.


12 de abril de 1986

Por parte de amigos sin filiación política máis outros que son membros de Alianza Popular, organizouse un homenaxe a don José Manuel Romay Becaría no «Mesón de Pastoriza». O motivo foi a súa elección como presidente provincial de AP e tamén como membro do comité executivo nacional dese partido.



26 de abril de 1986

Na Praza do Campo tivo lugar con gran éxito a «I Feira do Viño de Betanzos». Estivo organizada polos propios cultivadores de viño e cosecheiros de Betanzos e o contorno, dos que é presidente don Tomás López Loureda, que contaron coa intensa colaboración dos mestres de EXB, don Andrés Cachaza e don Luis Otero. Tiveron tamén axudas do Concello de Betanzos, a Diputación Provincial e Caixa Galicia. As 11 do sábado día 26 empezaron os actos con disparo de bombas de palenque e o desfile polas rúas do grupo «Pasiño a Pasiño»; ás 12 os cosecheiros brigantinos colocaron na praza un ramo de loureiro anunciador da venda do viño; pola tarde (e tamén o domingo) actuaron «Os Loiteiros» e presentouse a «Guía de Bodegas do viño de Betanzos»; pola noite houbo unha festa. O domingo tiveron lugar outros actos coa actuación do grupo folklórico «Xiada» e outros, e ó remate entregouse unha placa ó cosecheiro que presentou o mellor viño, don José Doporto.





## BODEGAS DO VIÑO DE BETANZOS

- |  |  |   |   |
|--|--|---|---|
| 1. Barbelto Sánchez, Manuel<br>"Cambres"<br>Bergondo<br>4º Xaneiro<br>IIa                  | "Ariños da nosa Terra"<br>// Ribeira, 69<br>4º Xuño<br>IIa                                       | 21. Gómez Gabín, Enrique<br>"Casa Vidal"<br>Soulo<br>4º Todo o ano<br>IIa             | 31. Otero Parga, Teresa<br>// Cruz Verde de Abaixo<br>4º Xuña<br>IIa                                  |
| 2. Barral López, Pilar<br>"Pedro da Magdalena"<br>// Magdalena, 14<br>4º Novembro<br>IIa   | 11. Cortés Picado, Antonio<br>Barallobre-Bravio<br>4º Marzo<br>IIa                               | 22. González López, Luis<br>"Vais"<br>A Ponte Vella<br>4º Xaneiro<br>IIa              | 32. Palheiro Rey, José<br>"Bodegas Palheiro"<br>// Ribeira, 51<br>4º Día de San José<br>IIa           |
| 3. Blanco Martínez, Antonio<br>"Fuao"<br>// Nuestra Señora, 3<br>4º Día de San José<br>IIa | 12. Couceiro Campos, Juan<br>Soulo<br>4º Xaneiro<br>IIa  | 23. Grandal Medin, José María<br>"O Galeo"<br>4º Mediaños de Maio<br>IIa              | 33. Pérez Doporto, María<br>"Acroey"<br>// Caraña de Arriba, 23<br>4º Xuña<br>IIa                     |
| 4. Bujo Cortés, Agustín<br>// Rúa Travesa, 37<br>4º Todo o ano<br>IIa                      | 13. Crespo Sabin, José<br>// Caraña de Abaixo, 24<br>4º Marzo<br>IIa                             | 24. López Loureda, Tomás<br>"O Galeo"<br>// Rúa Travesa, 49<br>4º Decembro<br>IIa     | 34. Picado Casal, José Ramón<br>"O Colorado"<br>// Nuestra Señora, 38<br>4º Abril<br>IIa              |
| 5. Cadaveira Amor, Jesús<br>// Argentina (O Roló), 36<br>4º Decembro<br>IIa                | 14. Doppico Rodríguez, Genoveva<br>"Rouco"<br>// Paróifas, 18<br>4º Abril<br>IIa                 | 25. Loureda Pereira, Víctor<br>// 2ª Travesa do Progreso<br>4º Semana Santa<br>IIa    | 35. Regueiro Fernández, Manuel<br>"Lolo o Patasguero"<br>// Plaza de Enrique IV<br>4º Antroido<br>IIa |
| 6. Campo López, Francisco<br>// Carreira de Castela<br>4º Antroido<br>IIa                  | 15. Doporto Fernández, José<br>// Caraña de Abaixo, 19<br>4º Maio<br>IIa                         | 26. Mantifán López, José Benito<br>Cortiñán (Bergondo)<br>4º Finais de Outubro<br>IIa | 36. Sánchez Cortés, Manuel<br>// Caraña de Arriba, 22<br>4º Marzo<br>IIa                              |
| 7. Campos Arceo, Jesús<br>"O Cantero"<br>Roiñeira<br>4º Marzo<br>IIa                       | 16. Doporto Porto, Manuel<br>Torres<br>// Caraña de Arriba, 15<br>4º Xaneiro<br>IIa              | 27. Mariñ Vázquez, José<br>// Nuestra Señora, 44<br>4º Antroido<br>IIa                | 37. Sánchez López, Francisco<br>"Tumbón"<br>// Marina, 10<br>4º Decembro<br>IIa                       |
| 8. Casanova Santos, Manuel<br>// Marina, 27<br>4º Marzo<br>IIa                             | 17. Escudero, Vda. de<br>// Saavedra Meneses, 8<br>4º Maio<br>IIa                                | 28. Miño Vejo, José<br>"Lastras"<br>// Plaza de Santa María<br>4º Decembro<br>IIa     | 38. Torres Loureda, Jesús<br>// Marina, 113<br>4º Marzo<br>IIa  |
| 9. Castro Ederera, Julio<br>"Borrasas"<br>Roiñeira<br>4º Xaneiro<br>IIa                    | 18. Faraldo Gómez, Antonio<br>"Bar Os Caneiros"<br>// Castro de Unta, 16<br>4º Todo o ano<br>IIa | 29. Nuñez Ares, Francisco<br>// Caraña do Medio, 28<br>4º Abril<br>IIa                | 39. Vidal Sánchez, José<br>"Refoxo"<br>// Mandeo, 16<br>4º Decembro<br>IIa                            |
| 10. Cortés García, Emilio<br>"La tacita de oro"<br>// Ribeira, 140<br>4º Todo o ano<br>IIa | 19. Ferraño Deive, Elisa<br>"Buyo"<br>// Anseles, 19<br>4º Novembro<br>IIa                       | 30. Otero Parga, Emiliano<br>// Castro de Unta, 27<br>4º Marzo<br>IIa                 | 40. Videla Amor, Antonio<br>"Ton"<br>// Caraña de Arriba<br>4º Xuño<br>IIa                            |
|  | 20. Gómez Crespo, José<br>"Bar 'O Pote'"<br>// 1ª Travesa do Progreso<br>4º Todo o ano<br>IIa    |   |   |

4º Data de apertura  
da bodega á público.  
IIa Data de  
peche da bodega

1 de maio de 1986

Na Espenuca, ó lado da igrexa románica de Santa Aia, tivo lugar a bendición dunha nova imaxe da Virxe feita coas axudas da xente. Está feita en pedra de cantería de Porto do Son e o escultor foi o compostelano Fernando García Blanco, da escola de Asorey. O estilo é un gótico «revival». Está sentada, na man dereita ten unha barca símbolo da igrexa (na base lese «Mater Ecclesiae»). O neno ten nunha man unha flor e coa outra sinala o ceo. A iniciativa debeuse ó cura-párraco de San Xiao de Coriós (feligresía á que pertence o santuario de Santa Aia) e máis de Santa Mariña de Lesa, o betanceiro don José Manuel Iglesias González. Celebrouse unha misa de campaña, presidida polo vicario episcopal don José García Gondar. O acto asistio moita xente e mesmo diversas personalidades, entre as que se atopaba o Presidente da Diputación don Enrique Marfany Oanes...



8 de maio de 1986

Na sala de exposicións do Centro da Xuventude tivo lugar o acto de inauguración do III Certame Galego Infantil de Artes Plásticas. Deste xeito empezaron os actos programados polo Consello Municipal de Cultura para conmemorar a Semana das Letras Galegas. A mostra estivo organizada e patrocinada pola Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes e contou con 68 obras de debuxo, pintura e escultura de nenos de toda Galicia entre os 10 e os 13 anos.



10 de maio de 1986

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de entrega de lotes de libros editados polo Concello así como outros de autores galegos ás asociacións veciñais de Betanzos.

13 de maio de 1986

No Cine Capitol tivo lugar a representación das obras de teatro: «Quen manda eiquí son eu», «Digoche adeus meu amor», «De volta da romería». Os actores eran membros do Grupo de Teatro «Pedras Novas» da Coruña. Organizou a Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Benestar Social-Centro da Xuventude de Betanzos, dentro dos actos da Semana das Letras Galegas.



14 de maio de 1986

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia e coa organización da Agrupación Carlos Seijo e da Consellería de Cultura e Benestar Social-Centro da Xuventude de Betanzos, tivo lugar a actuación da dita agrupación e máis da Coral Polifónica «Fernández Pareja» de Ferrol, dentro dos actos da Semana das Letras Galegas.



16 de maio de 1986

Pola mañán trasladáronse ó Colexio de E.X.B. «Vales Villamarín» as placas adicadas ós mestres dona Paquita Zuloaga e don Antonio Castro Maseda.

Pola tarde na Aula de Cultura de Caixa Galicia e coa organización da «Asociación de Amas de Casa y del Consumo Familiar» pronunciou unha conferencia don Laureano Alvarez Martínez sobre a escritora dona Emilia Pardo Bazán. Actos da Semana das Letras Galegas.



17 de maio de 1986

Durante toda esta semana chamaron a atención as pinturas que fixeron os nenos dos diferentes centros de ensino da localidade na parede que rodea o Edificio Arquivo para conmemorar o «Día das Letras Galegas». Levou o primeiro premio o mural «Salvación» de María C. Ois Río, José Luis García Sánchez, Juan C. Meizoso e Rosa Boado Mosquera do Instituto de F. P.

17 de maio de 1986

Pola tarde tivo lugar neste «Día das Letras Galegas» na Praza do Campo o «Día da Muiñeira» coa

participación de 96 grupos de toda a provincia (1.200 participantes en total). Foi organizado pola agrupación «Pasiño a Pasiño» coa axuda do Concello dentro dos actos da semana das Letras Galegas.

Finais de maio de 1986

Nunha assemblea xeral do Centro Betanzos de Buenos Aires foi reelegido presidente don Osvaldo Dans Varela. Na mesma assemblea acordouse asímesmo conceder ó Alcalde de Betanzos o título de «Presidente Honorario», renovándose cada mandato municipal. Finalmente os membros do dito Centro propuxeron á Corporación brigantina a designación dunha rúa ou praza da cidade co nome «Centro Betanzos de Buenos Aires»...



7 de xuño de 1986

Despois de deixar na cuneta a 3 equipos dos institutos «Virgen del Mar» de Noya, «Agra del Orzán» da Coruña e «San Rosendo» de Mondoñedo, o equipo do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos proclamouse vencedor do concurso da Televisión Galega «Saber o Xogar» que contou en total con 24 equipos de toda Galicia. Todos eles foron recibidos posteriormente polo Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez na Sala Capitular do Concello, quen os felicitou. Os mariñáns estamos orgullosos destes rapaces.



13 de xuño de 1986

Baixo a presidencia do Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar na Sala Capitular do Concello, chea de público, o acto de presentación do Anuario Brigantino 1985, número 8. Presentouno o Excmo. Señor don Isidoro Millán González-Pardo, Conde de Quirós, académico de número da Real Academia Galega, correspondente da R.A. da Historia...

22 de xuño de 1986

Tiveron lugar as eleccións xerais ó parlamento español. En Betanzos o PSOE de Galicia obtivo 2.942 votos; C.P. 2.514; C.D.S., 365, etc. dentro de un censo electoral de 8.914 electorales.

Finais de xuño de 1986

Por petición da Alcaldía, recibíuse no Concello de parte do «Instituto Hidrográfico de la Marina» que depende do Ministerio de Defensa un exemplar do mapa da ría de Betanzos 1:10.000, levantado pola comisión hidrográfica no ano 1916 e editado en Madrid no 1919.

1 de xullo de 1986

Empezaron as obras de rehabilitación do Pazo de Bendaña onde se situará a subdelegación de Hacienda.



4 de xullo de 1986

O conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, don José María Hernández Cochón, presidiu na Aula de Cultura de Caixa Galicia o acto de clausura do curso de «Formación Continuada de Medicina» que se celebrou ó longo de 9 meses os últimos venres de cada mes, coa participación duns 40 profesionais.

12 de xullo de 1986

O Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez felicitou no Concello a don Francisco Buyo Sánchez polo seu recente éxito profesional ó ser fichado como porteiro do Real Madrid.

14 de xullo de 1986

No restaurante «Muiño Roxo» o Brigantium Club de Fútbol organizou un homenaxe ó bentanceiro don Francisco Buyo Sánchez quen desde o mes de maio é porteiro do Real Madrid. A magnífica traxectoria futbolística deste porteiro mereceu a atención da nova xunta directiva do Brigantium presidida por don Francisco Casal, como recoñecemento ó home que desde o club modesto da súa cidade chegou ás metas máis altas do fútbol español.





*Finais de xullo de 1986*

*No Concello o Alcalde, don Manuel Lagares Pérez, fixo entrega do pergameo acreditativo de Fillo Adoptivo da Cidade ó ilustre notario don Julián Marcos Alonso. E don Julián home querido e lembrado por tódolos que o tratamos. Dos 26 anos en que exerceu a súa profesión con nós, quedoulle tempo para preocuparse por múltiples cuestións sociais do pobo e mesmo para desenrolar unha importante actividade cultural e literaria.*



*9 de agosto de 1986*

*Na sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de imposición da Medalla de Plata da Cidade ó porteiro do Real Madrid, don Francisco Buyo Sánchez. Presidiu o acto o alcalde, don Manuel Lagares Pérez e asistiron co homenaxeado, o presidente do Real Madrid, don Ramón Mendoza; os directivos señores Zapata e Bermúdez; o xerente don Manuel Fernández Trigo, así como os xogadores Camacho (capitán) e Santillana; o entrenador, Leo Benhakker; membros da Corporación Brigantina, socios e simpatizantes da Peña Madridista de Betanzos e numeroso público que abarrotaba a sala.*

11 de agosto de 1986

Na sala Capitular do Concello baixo a presidencia do Alcalde, don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar o

acto de presentación do programa das festas de San Roque que foi elaborado polo Grupo Untia Seminario de Estudos Mariñáns. Estiveron presentes ademais dos compoñentes deste grupo, membros da Corporación Municipal, a Comisión de Festas, etc.



13 de agosto de 1986

Presentación oficial da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil.



14 de agosto de 1986

Pola tardiña na Praza da Constitución o Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez coronou á Raíña Maior das Festas, dona María Amor Freire. A continuación, e desde o balcón do Concello, don Alfredo Conde Cid pronunciou o Pregón das Festas.



**E**ben fermoso este oficio de escritor; consinte non só que agromen mundos alí onde o soño é un estremecido e velaíño alento, de xeito que quen o profesa poida habitalos como dono que é da súa fantasía, senón que tamén permite que os mundos reais, non menos resultado que son da imaxinación do home, poidan ser disfrutados como se foran propios.

Hai un ano o escritor asistiu ós Caneiros deixándose levar con todos polas doces augas do Mandeo e andou, logo, acollido á sombra mesta dos pradairos; bebeu todo canto a decencia e o corpo lle deixaron; soupo do son das gaitiñas pousando no aire a melancólica música que nos envolve e conforma como somos; cantou como lle é dado, a voz en grito, e bailou pouco e mal porque non sabe.

Hai xa un ano o escritor asistiu ó fin das Festas do San Roque, nese fermoso ámbito de convivencia que os Caneiros significan: Un pobo enteiro navega polo río; canta e baila baixo os árbores e logo, coa noite enriba, á velaíña luz dos candieiros, sobor das cubertas das lanchas e as gamelas, das dornas e as motoras, tamén dos botes salvavidas, sabendo a escuridade pousada nas ribeiras, deixándose ir en paz polo río abaixo coma se por un soño fora, un pobo enteiro, se dicía, come e bebe e canta e convive e soña; e nese mundo real de fermosa convivencia que é coma un soño que, homes bos e intelixentes, imaxinaron cheos de sosego e paz, o escritor puido ser un máis e disfrutalo coma tódolos que polo río se deixaban ir rompendo a escuridade a base de cancións, tanta é a luz que emana a convivencia. E foi así porque Betanzos non construe ano tras ano o ámbito convivencial dos Caneiros para el só, senón que convoca ós seus pobos aledaños, ás tribos viciñas, ás xentes próximas e alleas, a todos cantos compartir poidan e queiran a ledicia, o premio do traballo, a colleita xa acadada, e faíno para que aquí cheguen convocados e, ó tempo, sexan testemuña da hospitalidade coa que sempre é acollido quen se achegue a esta cidade dos cabaleiros.

Dende o Arco dá Pont Vella ó cume do outeiro no que se sabe o Castro de Untia, o escritor soupo da Rúa da Cañota, da dos Ferreiros, da dos Prateiros ou da das Monxas, andounas todas elas e, coa cabeza baixa, entrou na igrexa de San Francisco onde descansa o corpo de Fernán Pérez de Andrade, a quen chamamos o Bo, aquel que mandou novelar na nosa fala a Crónica Troiana, bendita sexa a súa memoria; e entrou logo o escritor nas igrexas todas, percorrendo os seus silencios, escoitando os seus sosegos, axecendo aquelas dúas nas que, nos seus esquerdos muros, acollen á vaca astral e máis ó árbore da vida, esas sinais, e así foi a Santa María do Azogue, a San Estebo de Piadela, a San Martiño de Babío, a San Pedro das Viñas a San Martiño de Tiobre, a Santiago de Requián e máis a Santa María de Pontellas que poden ser noticia agora dada por quen as visitou amodo, facendo as pausas necesarias nas entrecostas que as unen, falando de vagar con quen habita de seu a cidade dos cabaleiros.

Hai un ano soupo o escritor da fermosura das rúas e as igrexas, dos recoletos recantos, das prazas cheas da fermosa luz que sempre envolve este país que amamos por razóns ben máis fondas que aquela simple de porque sexa o noso; hai un ano soupo o escritor dos pazos e máis das casas que se miran nas augas do Mandeo, tamén nas do Mendo, das que están nas costas pinas ou daquelas que se abren á Praza do Campo, porque nunca coma entón visitara esta cidade fermosa e dona de dous ríos.

Hai un ano puido aprende-lo escritor moitas das verbas que din quen sodes e algunhas máis que silencia: a do lugar onde comeu, xa que hai máis lugares onde facelo coa mesma calidade, a do viño que bebeu e a do nome do taberneiro que llo deitou no vaso, sabendo o que facía, pois aquí o nome do viño é vello e aínda queda moito por beber en moitos sitios; tamén os nomes dos amigos que o acolleron, porque aquí sempre quedan moitos por facer, por moito tempo que se viva.

Hai un ano soupo quen vos fala do sentido profundo da convivencia que vos anima e move, da cidade que fixéstedes e habitades, do contexto no que os vosos fogares se acollen, e comprendeu por qué se lle chama Betanzos dos Cabaleiros a este fermoso rincón do mundo. E agora ven o escritor proclamar todo elo a tódolos ventos da rosa que escoitar queiran as vosas palabras, os nomes vosos, os das vosas rúas e igrexas, das vosas prazas e os vosos ríos, das vosas festas e das vosas fondas razóns para que amades a vida nestes días de Festas e paz. E ven o escritor, ademais, a aprender algunhas das vosas outras palabras que lle faltan: as que fan que suba o Globo co aire morno da ilusión, as que indican con certeza a fermosura da raiña, as que falan da cor das uvas que na súa man debe de leva-lo San Roquiño, as que definen o rabo do seu can, as do cariño que envolve á súa capela abeirada ás Huérfanas, e mesmo as dos árbores máis vellos, e ven dar noticia posterior de todo elo e máis a pregoa-la ledicia das festas que comenzan. Esas dúas palabras xa aprendidas nos Caneiros.

Sabede, pois, todos cantos polo viciño mundo andades que a partires de agora Betanzos dos Cabaleiros está en festas en honra de San Roque e máis en disfrute e goce de tódolos seus fegreses e romeiros, tamén dos viciños das parroquias do arredor que, ó longo dun ano, souperon do traballo e as fatigas pois un e outros están agora dispostos ó solaz divertimento de quen ten tranquila a conciencia e sosegado o ánimo, en paz o espírito e o corpo rebuldeiro de sangue e gozo no propio esforzo renovados.

Betanzos está en festas e dende aquí tal se pregoa, chamando ás xentes todas á convivencia que os betanceiros garellos lles ofrecen, a todos se vos chama ó disfrute dos prodixios que aquí han ter lugar en poucos días: dende o globo inorme que ha marchar polo ceo arriba ata os soños todos que han voltar polo río abaixo de regreso dos Caneiros, collido xa o pulo necesario para vivir un ano enteiro e verdadeiro; dende un a outro prodixio, hanse sucede-los milagres: as luces dos fogos derramarán a noite, as gaitas faran máis doce e luminosa a sombra dos pradairos, a música acollerá novos amoríos, o baile unirá soños, os vellos saberán que a súa vida ten sentido e os nenos buscaránlle un camiño á súa que comenza de contado e todos saberemos unha vez máis quen somos.

Pregoadas quedan, pois, as vosas palabras e a Festa vosa e, de orde do sentido común, vetada queda a melancolía, consentida tan só naquelas irremediabes situacións que a todos conturban cando nos chengan i esmagan; non sendo así que todos, por orde tamén do común sentido, disfruten e bailen, beban e canten; que se namoren os mozos e que non deixen de facelo os vellos, que a ilusión convén tela de man se quer sexa ó longo dunhas horas; que os nenos gallopen dacabalo dos tiouvivos e os vellos dos seus soños, que todos teñamos quince



anos e que a vida sexa tan só fermosa ó longo de todos estes días, pois así está escrito que o fagamos, e se non o está debora estalo, pois máis que ben merecido o temos todos.

E sepa quen pola primeira vez aquí chegue que si dende hai ben anos esta cidade o é de ámbitos amenos e silentes, de recollidas rúas recoletas, de habitantes que sosegada e respetuosamente conviven, agora tamén o ha seguir sendo, pois, as súas festas, son a exaltación da súa convivencia, o premio ó seu saber camiñar xuntos e solidarios para facer da súa a cidade próspera que vemos, e tamén o recoñecemento da súa capacidade de lle zugar á vida todo canto aquilo a pode facer máis amable e digna, máis rica e variada, máis humana e intransferible.

Todo isto e porque o aprendeu hai un ano ven pregoar hoxe a escritor, habitando e compartindo o voso ámbito, e non só a pregoa-la festa; aínda que festexar e agradecer que todo o que dito queda sexa certo, que delo e por unha vez el poida se-lo pregoeiro, que estemos vivos e podamos celebralo.

Ilmo. Sr. Alcalde, Concellales todos democráticos representantes das xentes desta cidade de cabaleiros: Raiña das Festas e Damas de Honor que o sodes da beleza e da ilusión que aniña nas vosas rúas e máis nos vosos corazóns; Betanceiros todos; gracias por deixarme anunciar-la voso ledicia, pregoa-la voso festa e pronunciar vosas palabras. No voso nome e dende aquí pregono que Betanzos dos Cabaleiros está en Festas, que todo o mundo o seipa e una a súa voz á do pregoeiro para dicir: ¡Viva Betanzos!

Alfredo Conde.

Betanzos dos Cabaleiros, 14 de agosto, xoves de 1986.



15 de agosto de 1986

*O alcalde da cidade coronou na Praza da Constitución á Raiña Infantil das Festas, dona Olalla García Lauda. A continuación pronuncíase o Pregón Infantil.*

#### PREGON INFANTIL DAS FESTAS

Querida Reina y corte de Honor, Ilm. Sr. Alcalde y otras autoridades, vecinos de Betanzos y Comarca, visitantes y amigos.

Hoy, es un día de fiesta muy especial para la gente joven, sobre todo para tí Olalla y tu corte infantil; pues dentro de las maravillosas fiestas de nuestra ciudad, ésta para los niños, supone una gran ilusión; la misma que me supuso a mi, hace ocho años, cuando en otra Coronación de otra Reina, era el acompañante de Elena.

Hoy, ya como adolescente, pronuncio éste pregón a una sociedad adulta que continuamente expresa ideas de ayuda, comprensión, cariño, etc., hacia los más jóvenes, especialmente niños y adolescentes, pero que en muchas ocasiones se quedan en hermosas palabras que no se plasman en realidades. Pero no es éste el momento de hacer críticas a nadie aunque sí de recordar a nuestros mayores que, cuando organicen, o planifiquen actividades, lo hagan pensando que un número muy elevado de la población, somos gente joven que deseamos participar activamente en todo lo que nos concierne, y es por lo que es de agradecer que, en las fiestas patronales de Betanzos, dentro de su programa, tengan un lugar destacado los actos infantiles, donde sobresale esta brillante coronación, inolvidable para quienes participan en ella, otras, como la Fiesta Infantil, amena y popular y de la que sólo lamentamos que algunos niños de Betanzos y su comarca, por diversas circunstancias no puedan estar presentes en estos días. Para ellos, nuestro recuerdo, nuestro afecto y nuestro cariño.

Hoy al coronar a nuestra reina infantil también celebramos la festividad de la Asunción de la Virgen, que bajo la advocación de Virgen de Belén, es nombrada copatrona de nuestra ciudad. A ella y a nuestro Patrón San Roque, les pido que nuestra Reina Infantil Olalla y su Corte, sean muy felices y que todos disfrutemos las fiestas de esta maravillosa Ciudad de los Caballeros.

JAVIER DE MINGO VIA



FUNCION DO VOTO (16 de agosto)

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da cidade.

Señor San Roque:

